

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

- 4325** *Orde ECD/699/2015, do 15 de abril, pola que se modifican os anexos do Real decreto 1619/2011, do 14 de novembro, polo que se establece o novo réxime de equivalencias dos estudos e titulacións de ciencias eclesiásticas de nivel universitario respecto dos títulos universitarios oficiais españois, en cumprimento do disposto no Acordo entre o Estado español e a Santa Sé, do 3 de xaneiro de 1979, sobre ensinanzas e asuntos culturais.*

O Real decreto 1619/2011, do 14 de novembro, polo que se establece o novo réxime de equivalencias dos estudos e titulacións de Ciencias Eclesiásticas de nivel universitario respecto dos títulos universitarios oficiais españois, en cumprimento do disposto no Acordo entre o Estado español e a Santa Sé, do 3 de xaneiro de 1979, sobre ensinanzas e asuntos culturais, estableceu o novo réxime de equivalencias dos estudos e titulacións de Ciencias Eclesiásticas de nivel universitario respecto dos títulos universitarios oficiais españois, en cumprimento do disposto no Acordo entre o Estado español e a Santa Sé, do 3 de xaneiro de 1979, sobre ensinanzas e asuntos culturais.

Os títulos outorgados polos centros superiores de Ciencias Eclesiásticas, aos cales se lles recoñecen estes efectos civís, e as facultades de Ciencias Eclesiásticas da Igrexa Católica en España foron incluídos nos anexos I e II da citada norma.

No entanto, a creación dun novo centro, así como a evolución propia dos xa existentes e o establecemento de novas titulacións, fan necesaria a actualización dos citados anexos.

A disposición derradeira primeira do Real decreto 1619/2011, do 14 de novembro, habilita o hoxe ministro de Educación, Cultura e Deporte para modificar, corrixir ou actualizar os seus anexos.

Na elaboración desta orde foron consultados o Consello de Universidades e a Conferencia Xeral de Política Universitaria, ófuse a autoridade competente da Igrexa Católica en España e emitiron informe os ministerios de Facenda e Administracións Públicas, de Xustiza, e de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

Na súa virtude, dispono:

Artigo único. *Modificación dos anexos I e II do Real decreto 1619/2011, do 14 de novembro, polo que se establece o novo réxime de equivalencias dos estudos e titulacións de Ciencias Eclesiásticas de nivel universitario respecto dos títulos universitarios oficiais españois, en cumprimento do disposto no Acordo entre o Estado español e a Santa Sé, do 3 de xaneiro de 1979, sobre ensinanzas e asuntos culturais.*

Un. Modifícase o anexo I do Real decreto 1619/2011, do 14 de novembro, engadindo, na relación de títulos outorgados por centros superiores de Ciencias Eclesiásticas aos cales se lles recoñecen efectos civís, os seguintes títulos:

«I. Títulos equivalentes ao título universitario oficial de graduado ou graduada (deberán acreditarse unha duración mínima de 240 créditos ECTS).

Título de Baccalaureatus in Litteratura Christiana et Classica, outorgado polas facultades eclesiásticas de Literatura Cristiá e Clásica.

Título de Baccalaureatus in Historia, Archaeología et Artibus Christianis, outorgado polas facultades eclesiásticas de Historia, Arqueoloxía e Artes Cristiás.

Título de Baccalaureatus in Musica Sacra/in Cantu Gregoriano/in Organo/in Directione Chorali/in Disciplinis Musicae Sacrae/in Disciplina Machinale [enxeñaría] et fabricatione Organii/in Technica et Didactica Canti Liturgici/in Sacra compositione, outorgados por facultades eclesiásticas ou institutos “ad instar Facultatis”.

II. Títulos equivalentes ao título oficial de máster universitario (deberán acreditar unha duración mínima de 300 créditos ECTS).

Título de *Licentiatus in Historia, Archaeología et Artibus Christianis*, outorgado polas facultades eclesiásticas de Historia, Arqueoloxía e Artes Cristiás.

Título de *Licenciatus in Disciplinis Musicae Sacrae/in Disciplina Machinale [enxeñaría] et fabricatione Organi/in Technica et Didactica Canti Liturgici/in Sacra compositione*, outorgados por facultades eclesiásticas ou institutos “ad instar Facultatis”.

III. Títulos equivalentes ao título universitario oficial de doutor ou doutora.

Título de doutor in *Historia, Archaeología et Artibus Christianis*, outorgado polas facultades eclesiásticas de Historia, Arqueoloxía e Artes Cristiás.

Título de doutor in *Directione Chorali/in Disciplinis Musicae Sacrae/in Disciplina Machinale [enxeñaría] et fabricatione Organi/in Technica et Didactica Canti Liturgici/in Sacra compositione*, outorgados por facultades eclesiásticas ou institutos “ad instar Facultatis”.

Dous. Modifícase o anexo II do Real decreto 1619/2011, do 14 de novembro, engadindo na relación de facultades de Ciencias Eclesiásticas da Igrexa Católica en España o seguinte centro:

«IV. Outras facultades eclesiásticas.

Facultade de Historia, Arqueoloxía e Artes Cristiás «Antonio Gaudí» de Cataluña (Barcelona).»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 15 de abril de 2015. O ministro de Educación, Cultura e Deporte, José Ignacio Wert Ortega.